

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A ENTIDADE CÁRITAS DIOCESANA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE APOIO A FAMILIAS MONOPARENTAIS NO ANO 2026.

MEMORIA XUSTIFICATIVA E ECONÓMICA

A Consellería de Política Social e Igualdade, a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, é o órgano da administración autonómica ao que lle corresponde exercer as políticas autonómicas en materia de acción social, de apoio á familia, á infancia e á adolescencia, segundo o disposto no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, na Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia e na Lei 4/2001, do 31 de maio reguladora da mediación familiar.

A entidade Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela (NIF R1500053B) é unha entidade de iniciativa social, sen ánimo de lucro, inscrita no Rexistro Único de Entidades prestadoras de Servizos Sociais da Consellería de Política Social e Igualdade co número E-137 e ten entre as súas funcións a defensa das familias na súa integridade e das familias monoparentais en particular, colectivo comprendido no ámbito competencial desta Consellería de Política Social e Igualdade.

A dita entidade ten previsto desenvolver no ano 2026 un programa que ten como finalidade a prestación de apoio ás familias formadas por unha única persoa proxenitora con fillos e/ou fillas menores ao seu cargo, mediante o establecemento de accións específicas cuxo obxectivo é o de potenciar a autonomía das familias monoparentais, favorecer a incorporación da persoa responsable da familia ao mundo laboral, a súa asistencia a actividades de formación laboral e/ou formación continua, posibilitar o autoemprego, promover a inserción e permanencia laboral das mulleres soas con responsabilidades familiares e favorecer a súa promoción



profesional así como previr situacións de risco social e axudar á crianza dos nenos e nenas favorecendo a súa socialización.

A entidade Cáritas Diocesana de Santiago realiza, as seguintes actuacións:

1. Área formativa e laboral: orientación, asesoramento e seguimento (selección de ofertas de emprego, redacción de CV, divulgación de cursos formativos). Derivacións aos recursos de emprego e de formación da nosa contorna e coordinación cos mesmos. Desenvolvemento de obradoiros de estratexias de busca de emprego.

Implementación de accións que melloran a empregabilidade: Organización de obradoiros de alfabetización, clases de español para inmigrantes, preparación para as competencias clave e probas da ESO, encontros formativos e outras accións.

2. Área de conciliación familiar. Actuacións dirixidas a garantir un servizo de apoio á familia no coidado dos menores xerando un apoio para a asistencia das familias a actividades formativas, entrevistas de traballo ou desenvolver á súa actividade profesional. Promover a igualdade de oportunidades sociais e laborais posibilitando a conciliación familiar e laboral.
3. Área sociofamiliar: Atención ás necesidades individuais dos membros da familia. Intervención familiar: atencións individuais, traballo socioeducativo nas áreas: da economía familiar, crianza dos menores, vivenda e outras accións de mellora na súa estabilidade familiar e económica, previndo ou evitando que xurdan ou se agraven situacións de vulnerabilidade ou risco social.
4. Área educativa: actuacións que reforzan as habilidades sociais e condutas positivas. Acompañamento escolar desenvolvendo actividades de motivación cara o estudo, seguimentos escolares e apoio nas dificultades de aprendizaxe, ofrecéndolles unha igualdade de oportunidades e orientación na diferentes opcións que teñen na súa promoción educativa. Accións preventivas de coordinación cos centros escolares.



5. Área de saúde: Reforzo de prácticas diarias e promoción de hábitos de vida saudable. Transmitir a importancia das revisións sanitarias de cada un dos membros da familia. Promover obradoiros de saúde e alternativas de ocio saudable en familia na súa contorna.

A Consellería de Política Social e Igualdade, a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, está interesada en apoiar estas actuacións mediante a sinatura dun convenio de colaboración.

As administracións públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras entidades públicas así como con persoas xurídicas suxeitas ao dereito privado ao abeiro do disposto no artigo 6.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e máis no Acordo do Consello da Xunta do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público por Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

- Datos económicos

O convenio financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria que se indica no seguinte cadro, na cal existe crédito adecuado e suficiente no orzamento a Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social e Igualdade para o ano 2026:

Aplicación orzamentaria	Ano 2026
08.02.312B.481.0	32.000 €

Os gastos totais de orzamento para o desenvolvemento do programa no ano 2026 son os que se especifican no seguinte cadro:



PERSONAL ⁽¹⁾	TOTAL PROGRAMA	IMPUTADO AO CONVENIO	IMPUTADO A SUBV. 0,7% IRPF E IMPOSTO DE SOCIEDADES	IMPUTADO CAIXA PRO INFANCIA
SALARIOS	41.712,23€	23.000,00€	12.928,14€	2.644,27
SEGURIDADE				
SOCIAL EMPRESA	13.414,64€	7.000,00€	4.202,95€	901,00
OUTROS SERVIZOS				
Comunidade local ⁽²⁾	900,00€			
Reparacións e conservación ⁽²⁾	170,00€			
Seguros ⁽²⁾	340,00€			
Subministración (electricidade, auga, gas, teléfono) ⁽²⁾	1.100,00€	600,00€	100,00€	
Outros servizos (material, limpeza...) ⁽³⁾	4.000,00€	1.400,00€	100,00€	
AXUDAS				
Alimentación ⁽³⁾	1.400,00€		200,00€	
Material actividades ⁽³⁾	200,00€			
Outros (actividades) ⁽³⁾	1.000,00€		100,00€	
TOTAL GASTOS	64.236,87,00€	32.000,00€	17.631,09€	3.545,27€

(1) Funcións do persoal do programa Abeiro:

a) Área formativa e laboral:

Orientación, asesoramento e seguimento formativo e laboral.

Derivacións aos recursos de emprego e de formación da nosa contorna e coordinación cos mesmos.

Desenvolvemento de obradoiros individuais de estratexias de busca de emprego.

Implementación de accións que melloran a empregabilidade: Organización de Obradoiros de alfabetización, clases de español para inmigrantes, derivación para preparación para as competencias clave e probas da ESO, encontros formativos e outras accións.

b) Área de conciliación familiar, actuacións dirixidas a garantir un servizo de apoio á familia no coidado das persoas menores.

c) Área sociofamiliar: Acompañamento e intervención familiar. d) Área educativa: Actuacións que reforzan as habilidades sociais e condutas positivas. Acompañamento escolar Accións preventivas en coordinación cos centros escolares.

e) Área de saúde: Reforzo de prácticas diarias e promoción de hábitos de vida saudable. Transmitir a importancia das revisións sanitarias. Promover obradoiros de saúde e alternativas de ocio saudable en familia na súa contorna.

(2) Gastos relacionados cos locais onde se realizan as actividades do programa. Subministración (auga, electricidade, gas), teléfono, seguro, limpeza, comunidade.

(3) Gastos relacionados coas diferentes actividades e talleres (seguros, papelería, alimentación,...)



Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela declara que percibirá as seguintes axudas para o desenvolvemento deste programa:

	IMPORTE TOTAL PROGRAMA	CONVENIO	IMPUTADO A SUBV. O,7% IRPF E IMPOSTO DE SOCIEDADES	IMPUTADO CAIXA PRO INFANCIA
DONATIVOS	7.300,00€			
SUBV. ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS	47.294,35€	32.000,00€	15.294,35€	
SUBVENCIONES ENTIDADES PRIVADAS	3.545,27€			3.545,27€
TOTAL INGRESOS	58.139,62€	32.000,00€	15.294,35€	3.545,27€

A diferenza entre o total de gastos e o total de ingresos finánciase con fondos propios da entidade.

Consideraranse gastos subvencionables aqueles que, de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada. O seguinte cadro reflicte a comparativa entre os gastos obxecto de subvención con cargo ao convenio 2025 e os previstos para o ano 2026

Gastos de persoal	2025	2026
Salarios	23.000,00 €	23.000,00 €
Seguridade Social Empresa	7.000,00 €	7.000,00 €
Outros gastos		
Subministración (electricidade, auga,gas, telefono...)	600,00 €	600,00 €
Comunidade local		
Outros servizos (material, limpeza)	1.400,00 €	1.400,00 €
Seguros		
TOTAL	32.000,00 €	32.000,00 €

(5) O convenio asinado permite modificacións das anteriores partidas que non sexan superiores ao 10% do importe total do convenio, nin superen a contía total do mesmo.



O desglose dos gastos de persoal, tendo en conta a xornada dedicada ao programa así como a parte obxecto de financiamento, é a seguinte:

	Segundo contrato					Adicado ao programa			Financiado por este convenio		
Posto de traballo	Xornada	Duración	Salario Bruto	Seguridade Social	Custo total	Horas anuais	Meses	Custo	Horas mensuais	Meses	Custo
Educadora	Completa	Indefinida	29.812,81€	9.584,88€	39.397,69€	1.303	12	27.838,11€	104	Xaneiro a Novembro	21.000€
Grupo profesional 1											
Educadora	Completa	Temporal ata 05.08.2026	15.332,62€	5.235,47€	20.568,08€	772	7	13.797,98€		Xaneiro a Xullo	9.000,00€
Grupo profesional 1											
Educadora	15 horas semanais	Indefinida	10.208,78€	3.282,00€	13.490,78€	738	12	13.490,78€			
Grupo profesional 1											
importe			55.354,21€	18.102,35€	69.102,81€			55.126,87€			30.000,00€

Resulta aplicable ao persoal o III Convenio Colectivo Estatal de Acción e Intervención Social 2026-2029.

A concesión da subvención comprenderá os gastos das actuacións a subvencionar entre o 1 de xaneiro de 2026 e o 15 de decembro de 2026. Esta entidade queda exonerada de constituír as garantías a que fan referencia os artigos 62.3 e 67 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, por tratarse dunha institución sen fin de lucro, segundo menciona o artigo 65.4.f) deste mesmo Decreto.

Ata o 80% do total concedido poderase facer efectivo mediante pagamentos parciais a conta da liquidación definitiva na medida en que a entidade xustifique os gastos e os pagos realizados. O 20% restante abonarase unha vez xustificada a realización da totalidade da actividade subvencionada.



- Fitos e obxectivos

As actuacións a desenvolver por Cáritas Diocesana Santiago no código de proxecto 2016-174 encádranse nos seguintes obxectivos recollidos no Plan Estratéxico de Galicia 2022/2030.

EIXE 1. O RETO DEMOGRÁFICO.

PRIORIDADE DE ACTUACIÓN PA02 - Mellorar a atención ao benestar e á calidade de vida das familias. .

OBXECTIVO ESTRATÉXICO E01 -Garantir unha estrutura de servizos de atención das necesidades das familias para favorecer que as persoas poidan levar a cabo o seu proxecto familiar en Galicia así como ter o número de fillos e fillas que desexen, a través do desenvolvemento de actuacións integrais Impulsar políticas de conciliación para que a crianza dos fillos e fillas e o coidado de persoas dependentes non supoña unha eiva profesional, en especial para as mulleres

OBXECTIVO OPERATIVO OO03 - programas de apoio ás familias e menores e favorecer as condicións necesarias para que as persoas menores poidan integrarse nunha familia ou desenvolver o seu propio proxecto de vida nas mellores condicións.

Os indicadores sinalados para este ano 2026 no dito proxecto 2016-174 "Programa de apoio ás familias" son:

P341.H - Menores e familias beneficiarias de programas e integración familiar, socioeducativos e terapéuticos (homes) - 430

P341.M - Menores e familias beneficiarias de programas e integración familiar, socioeducativos e terapéuticos (mulleres) -470

O programa de apoio ás familias monoparentais da entidade Cáritas Diocesana contribúe ao logro dos ditos indicadores. Os indicadores deste programa previstos para o ano 2026 son os seguintes:

33 Familias (persoa adulta responsable)	Mulleres:	30
	Homes:	3

33 Nenos, nenas e adolescentes	Mulleres:	12
	Homes:	21



3 Fillos/as máis de 18 anos	Mulleres:	1
	Homes:	2

- Territorialización

O programa de apoio ás familias monoparentais levado a cabo por Cáritas Diocesana Santiago desenvólvese na provincia da Coruña, concretamente na localidade de Santiago de Compostela.

Santiago de Compostela, na data de sinatura dixital

O director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica

Jacobo Rey Sastre

